

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE XANEIRO**

### **DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2008, e sesión extraordinaria do día 11 de novembro de 2008**

A secretaria da corporación fai constar que non se puido facer entrega da acta da sesión extraordinaria do día 11 de novembro de 2008.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 30 de outubro de 2008.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º Proposta de prórroga da delegación da xestión tributaria e recadatoria na Deputación Provincial da Coruña**

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 19 de xaneiro actual.

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 27 de xaneiro actual, respecto de retirar o asunto da orde do día.

Sometido o ditame a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concellerios do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Retirar o asunto da orde do día para recabar máis información e para mellor estudo.

### **3º Proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 1/2009, de crédito extraordinario**

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 21 de xaneiro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 27 de xaneiro actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concellerios do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario número 1/2009 por importe de 6.000,00 euros na partida orzamentaria “463.22606 Banco de tempo”, financiada con baixa na partida “111.22601 Atencións protocolarias”.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

#### **4º Proposta de modificación do nome do CEIP do Graxal II**

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 14 de xaneiro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de 27 de xaneiro actual.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo quere salientar que se trata dun colexio, que segundo as promesas que se fixeron, ten que estar inaugurado en setembro, e que, polo tanto, a discusión non tería que ser sobre cambiar o nome, senón que terían que estar falando sobre a súa construción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Apoiar ao Consello Escolar e ao Claustro Escolar do CEIP do Graxal II na decisión de modificar o nome oficial do colexio, quedando como “CEIP Graxal”.

Segundo: Dar traslado ao centro do acordo de modificación do nome do “CEIP do Graxal II” polo de “CEIP Graxal”.

#### **5º Mocións**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

**A) Moción do grupo municipal do PP para evitar as expropiacións do Plan de vivenda**

Rexistrada de entrada ao núm. 679 o día 24 de xaneiro de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“O 24 de outubro de 2008 foi exposto a información pública o proxecto de Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas da Xunta de Galicia durante o prazo de dous meses. Este plan sectorial prevé, xa que aínda non foi oficialmente modificado, a construción de cerca de 1.800 vivendas de protección oficial en Cambre, quedando afectados os lugares da Barcala, O Temple e O Graxal. O Partido Popular de Cambre, ante a falta de información sobre este proxecto, que afecta a máis de 350.000 metros cadrados do noso municipio, e ante a inoperancia do equipo de goberno que en ningún momento prestou axuda aos veciños afectados, convocou unha reunión informativa á que acudiron máis de 200 persoas de todas as partes do municipio. Ante a magnitude do atropelo que a Xunta de Galicia pretende realizar sobre as propiedades do noso municipio, os veciños manifestaron desde o primeiro momento o seu rexeitamento frontal ao Plan de vivenda.

Froito deste rexeitamento, os veciños da Barcala lograron condicionar a posición do equipo de goberno, que non tivo máis remedio que esixir a retirada da actuación que lles afectaba, aínda que lamentablemente o alcalde e o resto de forzas políticas que lle apoiaron optaron por trasladar este grave problema dende A Barcala ata Os Campóns e os polígonos de Cela e O Temple sen negociar absolutamente con ningún veciño nin empresario todo iso no pleno máis concorrido desde que comezou a actual lexislatura. O Partido Popular de Cambre non pode facer máis que felicitar aos veciños que, en defensa do seu pobo e dos seus intereses, se mobilizaron e conseguiron forzar aos gobernos de Cambre e da Xunta de Galicia para que aceptaran unha modificación das actuacións inicialmente previstas.

O noso grupo non obstante denunciou que a decisión dos catro grupos que apoiaron ao alcalde na súa proposta para non esixir a retirada do plan sectorial, non era máis que unha trampa que o único que provocaría sería trasladar o problema dunha parroquia a outra do noso municipio. Dificilmente poderán explicar os representantes destes partidos políticos por que decidiron modificar unha actuación que afectaba aos veciños da Barcala a forza de prexudicar aos veciños de Sigrás, e dificilmente poderán explicar cal foi o motivo do seu

empeño en apoiar unha iniciativa que foi rexeitada tanto polos conselleiros socialistas na Xunta, estes en privado, como por rexidores socialistas da comarca, como a alcaldesa de Arteixo, de xeito público.

Nas últimas semanas e ante a continua falta de transparencia do goberno socialista de Cambre, os veciños de Sigrás decidiron constituirse en plataforma para mostrar o seu máis enérxico rexeitamento ao plan sectorial e á decisión adoptada polo alcalde e os grupos políticos que o apoiaron. O Partido Popular de Cambre, da mesma forma que o fixo con todos os veciños do noso municipio, quere mostrar de forma pública o seu apoio incondicional a todas as iniciativas que acorde esta plataforma para defender os seus intereses e os dos restantes veciños do municipio. A súa intención, segundo nos teñen confirmado, é formar parte da Plataforma galega de afectados polo plan sectorial recentemente constituída para lograr a retirada do Plan de vivenda en toda Galicia. A raíz desta decisión dos veciños e nun último esforzo por evitar as mobilizacións, o alcalde garantizou de forma pública que neste municipio non se expropiarán os terreos dos nosos veciños para construír vivendas de protección oficial a un prezo inferior ao de mercado e asegurou que esixirá a retirada do plan sectorial se os veciños afectados se negan a aceptalo. Como mantivemos desde un primeiro momento a única forma de evitar as expropiacións previstas polo plan sectorial sería acordando a súa retirada e realizando unha nova redacción de todo o seu contido.

Así o Partido Popular de Cambre mantivo contactos cos veciños e propietarios afectados pola proposta realizada polo concello nos Campóns, e a súa intención, segundo nos confirmaron, é a de rexeitar a proposta realizada por este concello e a de esixir de maneira decidida a retirada íntegra das actuacións do Plan sectorial en Cambre e en Galicia.

Considerando a gravidade da situación e os compromisos que publicamente adquiriu o alcalde cos veciños de Sigrás e do resto do municipio, o grupo municipal popular somete á consideración do pleno a aprobación dos seguintes

#### ACORDOS:

Primeiro: O pleno da corporación municipal de Cambre rexeitará as actuacións do Plan sectorial de vivenda se o solicitan a maioría dos veciños afectados.

Segundo: O pleno da corporación municipal de Cambre negarase a tratar en pleno a reclasificación do solo afectado polas previsións deste Plan de vivenda sempre que a Xunta

de Galicia non garante, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, que non se expropiarán os terreos dos veciños de Cambre sen antes ter realizado unha oferta individual de compravenda ou permuta das súas propiedades.

Terceiro: O pleno da corporación municipal de Cambre insta ao grupo de goberno e ao alcalde en particular, a que se comprometan de forma pública e ante os veciños de Cambre a que presentarán ante este pleno o Plan xeral de ordenación municipal para a súa aprobación inicial durante a presente lexislatura.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que analizada con suma atención a moción do Partido Popular, están plenamente de acordo con algúns dos aspectos que contén, como pode ser a defensa que corresponde á Corporación municipal no seu conxunto, e ao goberno municipal en concreto, dos intereses lexítimos que os veciños deste municipio, e concretamente 30 propietarios de terreos na zona de Sigrás, teñen ante calquera actuación que pretenda marxinalos.

Dende o goberno municipal teñen que tentar facer un labor pedagóxico que trate de compaxinar os intereses municipais de toda a colectividade, cos intereses que poden representar as propiedades dalgúns veciños. Nese sentido están todos de acordo en facer un esforzo que posibilite chegar a ese consenso, pero o seu grupo entende que ese consenso non se obvia co Plan sectorial de vivenda aprobado pola Xunta de Galicia, que só pretende dotar de vivenda social ao conxunto do territorio galego, e concretamente ao municipio de Cambre. Hai que ter en conta que entre os demandantes de vivenda social no concello hai máis demanda que número de vivendas que se pretenden construír en Cambre.

Trátase de conformar o Plan sectorial de vivenda como un instrumento que potencie o desenvolvemento social e económico. A construción de calquera desenvolvemento urbanístico, en calquera zona do territorio deste municipio, implica investimentos, implica modificación do territorio, implica xeración de novas infraestruturas, de novos desenvolvementos sociais e económicos que, evidentemente, poden prexudicar nalgún caso a algunha persoa concreta, pero dende o equipo de goberno vaise intentar que iso non pase.

O Sr. alcalde pide silencio ao público asistente.

Continúa dicindo don Francisco Javier Varela Tejedor que pensa que non se analizou ben o tema dos prezos, xa que os prezos que figuran en prensa non son os que figuran no Plan

sectorial. Non poden confundir os prezos de indemnizacións por outros servizos que figuran no plan, cos prezos, no seu caso, de valoración do solo que non figuran no plan.

Segue a dicir que, respecto da moción do Partido Popular, e aínda que están de acordo en que van a asumir na medida das súas competencias a defensa dos intereses veciñais afectados, non poden aceptar o punto segundo que se refire a negarse a tratar en pleno a reclasificación do solo, principalmente porque a Lei de ordenación do territorio impide que o pleno entre nese tema. O que si van facer é promover ante a Xunta de Galicia que non se leve a cabo ningún expediente de expropiación sen antes ter realizado algunha oferta individual de compravenda ou permuta como propón o Partido Popular.

En canto ao punto terceiro, que se refire ao Plan xeral de ordenación municipal, é compromiso do equipo de goberno presentalo ante os grupos políticos que conforman a corporación, e ante a Xunta de Galicia, antes de que termine a lexislatura.

Sinala, ademais, que na zona agora en conflito hai xa formulado algún plan parcial, que falta por desenvolver, e que se os veciños propietarios dos terreos fosen capaces de presentar uns desenvolvementos urbanísticos conxuntos, dende o equipo de goberno se presentarían ante a Xunta de Galicia sen ningún tipo de dúbida.

O Sr. alcalde volve pedir orde na sala.

Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe dicindo que a postura do equipo de goberno é fomentar e apoiar a realización do Plan sectorial de vivenda no Concello de Cambre, coas matizacións e negociacións que aínda caben legalmente para tratar de garantir os dereitos veciñais, e respecto do punto segundo da moción do grupo popular, potenciar que non se faga ningún expediente expropiatorio sen que antes haxa unha oferta individual de compravenda ou permuta das propiedades. En canto ao punto terceiro están plenamente de acordo.

O Sr. alcalde volve pedir silencio.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta o seu desacordo coa moción presentada polo Partido Popular, excepto nunha cuestión, que é que van a demandar que o proxecto de Plan xeral se presente antes de que remate esta lexislatura, nese sentido a colaboración do seu grupo vai ser plena, e agardan que a de todos os grupos tamén vaia ser así.

Di que hai unha serie de cousas que lle gustaría aclarar, especialmente diante da xente que está presente no salón de sesións, que é moita dela afectada. Ao seu grupo gustaríalle que aínda que non os vaian crer agora, algunhas cousas queden claras, porque hai informacións que foron recibindo que non son exactamente a realidade.

O Sr. alcalde toma a palabra para informar ao público asistente de que, se non son capaces de estar en silencio, van ter que desaloxar o salón de sesións, cousa que non lle gustaría ter que facer. Pide que se escoite aos Sres. concelleiros.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo diríxese ao Sr. alcalde para salientar unha cuestión de orde. Manifesta que el é o voceiro dun grupo municipal elixido polos veciños e veciñas do concello, e que non se atopa nunha asemblea, senón no pleno da corporación. Esíxe ao Sr. alcalde que faga respectar o dereito e deber que ten de falar no pleno.

O Sr. alcalde comunícalle ao público asistente que, por última vez, avisa de que se non son capaces de escoitar vai ter que desaloxar o salón de sesións, e que se trata dunha medida que nunca adoptou e non quereda ter que adoptala agora. Pide que sexan respectuosos e dilles que logo poderán opinar.

Concedida novamente a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, comeza a facer referencia ao pleno do mes de decembro no que se aprobou este tema, pero é interrompido novamente polo público asistente que pregunta pola aprobación da acta do pleno do mes de decembro. O Sr. alcalde toma a palabra para informar de que calquera persoa que o desexe pode acudir á Secretaría municipal, en calquera momento, para solicitar unha copia da acta. E volve insistir que a próxima vez vai ter que mandar abandonar o salón de sesións e que non quere ter que facelo.

Tras ese aviso, e ante as continuas manifestacións do público asistente, o Sr. alcalde da orde ao axente da Policía Local presente na sala, de que a próxima vez que se interrumpa a sesión, leve a cabo o desaloxo da sala. A continuación volve conceder a palabra ao voceiro do BNG.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que no mes de decembro a maioría da corporación aprobou unha alegación, que nunha parte moi importante ía en defensa dos intereses particulares das persoas afectadas. Lembra que unha das últimas cuestións que se engadiu, e cre que por unanimidade de todos os grupos, era que os prezos da posible



expropiación que se puidera realizar estiveran equiparados aos prezos nos que se está a valorar o solo nos concellos limítrofes. Incluso detectaron que había valoración de solos nos Concellos de Culleredo e Oleiros, superiores ás que había no Concello de Cambre, e os grupos que votaron a prol querían manifestar á Consellería que eses prezos se revisaran para incrementalos.

Continúa dicindo que houbo un conto, que non ten nada que ver coa realidade, pero que estivo correndo de maneira insistente, a pesares de que houbo mil e un intentos de aclaración por parte municipal, de distintos grupos, do equipo de goberno, e pensa que tamén por parte da Consellería, que foi quen tivo a iniciativa no desenvolvemento deste plan. Estívose falando dende o principio de que á xente se lle ía expoliar o seu terreo por catro ou seis euros, incluso apareceu na prensa, cando a realidade é que o que figura no proxecto respecto do Concello de Cambre, o prezo medio máis barato era o do polígono da Barcala, que está xa retirado, e eran 85 euros/m<sup>2</sup>. Que os prezos nos polígonos do Temple, no Graxal, eran superiores aos 100 euros/m<sup>2</sup>, e aínda así o Concello de Cambre non estivo de acordo.

O Sr. alcalde pide por favor ao público asistente que manteña a orde e ofrece que ao acabar o pleno se poida ter un diálogo sobre este tema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo volve retomar a palabra para sinalar que sabe que o tema dos prezos é un tema moi importante para os propietarios. Sinala que os números oficiais que se estaban barallando neste tema eran os que xa dixo, 85 euros de media no polígono da Barcala, que xa está retirado, 113 no Temple e 98 no Graxal, pero que cando ese prezo/m<sup>2</sup> se refería a onde había unha construción os prezos, e non fala do valor da construción, eran na Barcala de 141 euros/m<sup>2</sup>, 161,5 no Temple e 150,6 no Graxal. Non saben aínda que prezos haberá nos Campóns, porque nin sequera saben se a Consellería vai aceptar a proposta do Concello de Cambre referida a esa zona. Cando veña ese proxecto sectorial, estará en exposición pública e haberá oportunidade de que tanto veciños como calquera interesado, como os propios representantes do concello, presenten as súas alegacións. Entón será cando vexan os prezos que, en todo caso, non serán inferiores aos xa sinalados para os outros polígonos. Están falando de prezos importantes que están moi cerca do que é o prezo de mercado. Aínda así, a Consellería, e el pensa que a maioría dos grupos municipais, o que prefiren é que non se chegue ao punto da expropiación, porque ademais díxose claramente que a intención de facer eses polígonos de vivenda protexida baseábase na cooperación e no acordo. Díxose por activa e por pasiva que se ía tentar por todos os medios posibles, e como prioridade máis urxente, que todas as vivendas que

estivesen incluídas dentro dun plan sectorial deste tipo, permaneceran dentro do propio polígono. Unicamente cando algunha vivenda coincidira no planeamento cunha infraestrutura, e fora imprescindible quitala de alí, o que se ía intentar, en primeiro lugar, antes de chegar á compra ou á expropiación, ou ao acordo económico, era recolocala dentro do mesmo polígono. Polo tanto, pensan que con eses datos o que se está facendo para Cambre, e para todas as zonas onde se propón o plan, é unha oportunidade e non un problema. Efectivamente había que corrixir cousas, como así se fixo na alegación que presentou o concello, e como así haberá que facer, da man dos veciños, defendendo os seus intereses, pero tamén defendendo os intereses xerais de todo o concello. Haberá que intentar, cando se presente o plan, que se perfeccione, que se eliminen os problemas ou as cuestións que poidan prexudicar. Pensa que esa é unha responsabilidade que todos teñen que asumir, e dende o seu grupo van a facelo.

Continúa dicindo que pensan que é unha oportunidade. Están falando, en concreto, na zona dos Campóns, de algo máis de 10 hectáreas, que no 95% dese terreo xa figura nas Normas subsidiarias dende o ano 1994 como solos rústicos aptos para urbanizar, como urbanizables. A xente sabe iso, precisamente un dos problemas que teñen é que non puideron conseguir unha licenza para construír unha casa porque é urbanizable, porque hai que desenvolvelo, porque non se poden facer parcelas individuais e conseguir unha licenza. Durante 14 anos os propietarios, ou os promotores, non foron capaces de conseguilo. Agora é unha oportunidade de que, por iniciativa pública, sen interese especulativo de ningún tipo, se poida urbanizar. É unha oportunidade para que nun lugar onde se levan anos recibindo queixas, polo mal estado das comunicacións, das infraestruturas, do saneamento, etc., que todo iso se solucione, e ademais cun investimento público importante. Sería unha oportunidade, ademais, para unha parroquia da que sempre están recibindo queixas porque faltan investimentos e equipamentos, e sería unha oportunidade de conseguir terreos públicos para dotala dos servizos aos cidadáns, para xente maior, culturais, de servizos deportivos, de zonas libres, de espaxamento, das que hoxe carece e iso cando, hoxe en día, o Concello de Cambre non ten metros cadrados para poder destinar a eses usos que son absolutamente necesarios na terceira parroquia en número de habitantes do concello.

Di que o seu grupo pensa que a responsabilidade das forzas políticas o que debería é levar a todos a coller unha oportunidade como esta, limparlle todas as cousas que poidan estar mal, e deixala convertida nun proxecto de futuro, facendo un modelo de urbanismo do que Cambre nunca puido, ata agora, presumir.

Di que había no mes de decembro máis de 1.600 solicitudes de expedientes rematados de obtención de vivenda protexida para o Concello de Cambre, de xente empadroada en Cambre e de xente que ven doutros sitios. Iso último debería ser tamén un motivo de orgullo, porque por algo debe ser que hai xente que quere vir a vivir aquí. Pero di que tamén hai outro dato que a xente debe ter en conta, pode estar en contra deste plan, pero ten que darse conta de que, neste momento, hai en Cambre 2.400 rapaces e rapazas entre os 10 e os 25 anos. Todos eles, en poucos anos, van ter que contar con espazo para vivir no concello, se non queren que se vaian para outros sitios. Pensa que esa é unha responsabilidade de todas as forzas políticas, e ademais pensa que todas esas forzas levaron nos seus programas políticos, non só a nivel local, senón tamén a nivel da comunidade autónoma e das eleccións xerais, a construción de vivenda protexida. Di que só hai unha maneira de demostralo, porque unha cousa é prometer e dicir e outra facer. A responsabilidade está en facer as cousas, iso si, respectando os dereitos de todo o mundo.

Conclúe dicindo que precisamente están diante do plan máis respectuoso, do que mellor valora e do que mellor intencións ten no trato coas persoas afectadas, de todos os que el coñece para construción de infraestruturas e elaboración de polígonos. Pensa que é unha grande oportunidade que tiñan que aproveitar, sobre todo cando están diante dunha situación que todos están a sufrir, que é unha recesión e unha fortísima crise económica.

Ante as novas interrupcións que se producen polos comentarios do público, o Sr. alcalde volve pedir, por favor, que se manteña a orde e que sexan respectuosos, e repite que, se queren, ao final do pleno poderán falar deste tema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, dille ao Sr. alcalde que está profundamente decepcionado coa capacidade que ten para dirixir o pleno, e que se sente vulnerado nos seus dereitos e nas súas obrigas.

O Sr. alcalde ante a situación que se orixina pídelle á secretaria da corporación que dea lectura ao Regulamento orgánico municipal.

A secretaria da corporación dá lectura ao artigo 104.3 do Regulamento orgánico municipal que se transcribe literalmente a continuación:

*“3.- O público asistente ás sesións non poderá intervir nestas, nin tampouco poderán permitirse manifestacións de agrado ou desagrado, puidendo o presidente proceder, en casos extremos, á expulsión do asistente que por calquera causa impida o normal*

*desenvolvemento da sesión. Sen prexuízo disto, unha vez levantada a sesión, a Alcaldía-Presidencia pode establecer unha roda de consultas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal.”*

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que vai facer un último intento de rematar a súa intervención. Di que estaba comentando a oportunidade que iso supón, nun contexto dunha crise económica moi profunda que tamén está afectando ás empresas de Cambre, pero sobre todo aos traballadores e traballadoras que ven perigar o seu posto de traballo.

Neste punto, e tendo en conta a nova interrupción por parte do público asistente, o voceiro do BNG manifesta que renuncia ao uso da palabra ante a incapacidade do Sr. alcalde para dirixir a sesión.

O Sr. alcalde sinala que, ante esta situación, e a pesar de que non era para nada o seu desexo, vese obrigado a continuar co pleno a porta pechada.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que se se ten chegado a esta situación foi precisamente por responsabilidade do Sr. alcalde.

Sendo as 21:05 horas suspéndese a sesión ata que o salón de sesións quede libre.

Os concelleiros do grupo municipal popular, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel e don Felipe Andreu Barallobre abandonan a sala.

Unha vez desaloxado o salón de sesións, e cando son as 21:15 horas, o Sr. alcalde informa de que se vai a reanudar a sesión plenaria, a porta pechada, lamentando a situación que tivo lugar, unha situación que provocou tristeza e malestar a todos.

Sendo as 21:16 horas reincorpóranse á sesión dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel e don Felipe Andreu Barallobre, do Partido Popular.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que, a título persoal e como voceiro do seu grupo, quere amosar a súa máxima solidariedade persoal e política co voceiro do BNG e con todo o seu grupo, porque di que ten todo o seu dereito, constitucional e humano, a expresar as súas opinións aínda que sexan discrepantes coas da masa vociferante, que non por vociferar ten máis razón. Pensa que todos os grupos deben tratar de aparcar os intereses políticos particulares e defender os intereses políticos xerais

da poboación que representan. Di que entenden os problemas concretos dos veciños, pero que, por outra banda, cren que o plan sectorial que se pretende aplicar significa un espazo de oportunidade importante para o desenvolvemento do municipio e concretamente para o desenvolvemento da zona que hoxe están a tratar.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o mesmo dereito democrático que ten o BNG para dicir o que estime oportuno, tamén o ten o PP para presentar as mocións que estime oportunas, e esíxelle ao Sr. voceiro do PSOEdeG-PSOE que se retracte das súas acusacións.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que el non fixo ningunha acusación como voceiro do seu grupo, o único que fixo foi un comentario cando o pleno estaba suspendido polo Sr. presidente, e só se tratou dunha mera alusión persoal ao que el considera que é así, por tanto non retira nada do que dixo.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, pregúntalle se entón non retira a afirmación de que os concelleiros do PP son axitadores do pobo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que persoalmente non o retira.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez dille que, entón, debería marcharse directamente porque el é o auténtico axitador, xa que o seu grupo o único que fixo foi presentar unha moción, algo ao que teñen dereito.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que, paradoxicamente, esa moción coincide, case que textualmente, coa postura manifestada polos veciños.

Ante as intervencións de don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, o Sr. alcalde pídelle que respecte o uso da palabra do voceiro do grupo municipal socialista ou senón que se marche.

Don Felipe Andreu Barallobre respóndelle que el non se vai, pero que se o Sr. alcalde quere, que o bote da sala.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que el pensa que hai uns responsables políticos de envelenar o clima de convivencia do concello, e que eses responsables son, polo menos, unha parte do Partido Popular. Di que

nesta corporación nunca se cuestionou o dereito a presentar mocións co contido e coa forma que se quixo, precisamente estaban a discutir a moción presentada.

Continúa dicindo que non sabe que é o que pasa, pero que sempre que fala, se non é o público son os concelleiros do PP os que lle interrompen constantemente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que el tamén lamenta profundamente o que pasou no pleno, e tamén lamenta os reproches que se fixeron a algunhas das persoas presentes na sala.

Quere dicir que á marxe das alegacións que se presentaron por parte dos grupos que apoiaron o Plan sectorial de vivenda, o grupo municipal de EU-IU, o pasado día 26 de decembro presentou un informe-alegación a ese plan, cuxo último parágrafo lles parece importante para o coñecemento de todos. Nese último parágrafo dise que: *Tendo en conta que o obxectivo último de calquera desenvolvemento urbanístico é o correcto reparto de beneficios e cargas, segundo se indica na actual Lei do solo, proponse que os prezos e valoracións dos terreos e construcións sexan máis altos que os que se manexan no plan sectorial presentado, equiparándoos aos concellos limítrofes de Culleredo e Oleiros, e negociando cos actuais propietarios un prezo xusto, e non expropiando as súas propiedades.*

Di que iso forma parte da alegación do seu grupo, e que eso será o seu compromiso. Non van adoptar ningunha decisión que supoña ir en contra dos intereses dos veciños e veciñas, e menos apoiar ningunha recualificación que permita expropiacións contrarias á vontade dos afectados. Sinala que ese documento está a disposición de calquera que o queira examinar.

Conclúe dicindo que, respecto da moción presentada polo Partido Popular, para o seu grupo ten dúas partes ben diferenciadas. Unha parte expositiva coa que non están para nada de acordo, e ten unha parte de acordos con algúns dos cales si coinciden. En todo caso, di que pensan que o PP trata de enredar co seu xogo, en canto á estratexia que están utilizando co fin de rendibilizar política e electoralmente cara ás vindeiras eleccións de marzo, e que iso non o van a conseguir coa súa complicidade nin co seu voto, por iso eles van votar en contra da moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marant Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén lamenta o que pasou no pleno, xa que en todos os anos que el leva formando parte da corporación é a primeira vez que pasa unha cuestión dese tipo.

Respecto da moción presentada polo PP quere sinalar que na parte expositiva hai unha serie de asuntos cos que non está de acordo, pero que respecto das propostas que se fan, si está basicamente de acordo, con algunhas puntualizacións. Por exemplo, di que no primeiro punto cando se fala de veciños afectados, hai que ter en conta que veciños afectados, dunha maneira ou doutra, son todos os veciños de Cambre, a todos vai afectar que se vaian a construír unha cantidade importante de vivendas. Por iso pensa que nese primeiro punto o PP debería falar de “a maioría dos propietarios dos bens afectados”, porque son os que en realidade máis van a sufrir as consecuencias, para ben ou para mal.

Continúa dicindo que o segundo punto da moción reflicte algo que xa viñan dicindo todos os grupos dende un principio, e que incluso na xuntanza que tiveron co Delegado provincial de Vivenda e Solo, o mesmo delegado dixo que iso era o que se pretendía, chegar a acordos cos veciños antes de calquera tipo de expropiación. Con base nesas conversas e observacións do delegado provincial, foi polo que el tamén apoiou o Plan sectorial de vivenda en Cambre, pensando sempre que sería así o tema, por iso non lle ve ningún problema a ese segundo punto dos acordos.

Respecto do terceiro punto, que se refire ao Plan xeral de Cambre, pensa que todos os grupos, os da oposición polo menos, están de acordo e incluso pensa que tamén o grupo de goberno.

Conclúe dicindo que por todo iso el subscribe eses tres acordos sen ningún problema, e que só quere dicir que, efectivamente, agora se fala de que se quere sacar unha rendibilidade política a todo ese tipo de cuestións, xa sexa o PP dun lado ou o PSdeG-PSOE e BNG dende o outro. Pensa que todos queren sacar un rendimento político a todo canto fan, e nese sentido cada un pode facer o que queira. El di que, neste caso, vai votar a prol da moción sempre que se modifique ese primeiro punto dos acordos e se poña “a maioría dos propietarios dos bens afectados”.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez expón que o Partido Popular presentou unha moción, con todo o seu dereito, unha moción que ven defendendo dende o primeiro día, e que seguramente o Sr. Varela Tejedor, como estivo ausente bastante tempo, non saiba do que están falando. Eles defenderon a mesma postura dende o primeiro día.

Di que o voceiro do PSdeG-PSOE falou antes de que habería que facer un labor pedagóxico, e que ese labor xa o fixo o PP cando invitou a todos os veciños de Cambre a un acto informativo no Bosque onde lles facilitaron a documentación oficial da Xunta, que era onde se facía referencia aos prezos. Eles non dixeron que se ía pagar 4 euros, eles entregaron aos veciños a folla onde poñía as indemnizacións. O PP de Cambre foi o que fixo un labor pedagóxico, non o equipo de goberno, nin o alcalde, nin outros grupos.

Tamén dixo o voceiro do PSdeG-PSOE que hai máis demanda que número de vivendas, pero el supón que descoñece do que está falando, porque hai un rexistro de vivendas da Xunta de Galicia que fala de 1.540 solicitudes en Cambre, e iso tendo en conta que se poden apuntar os dous membros da parella en catro concellos distintos, co cal esa cantidade pódese dividir entre catro. Así que o que dixo o voceiro do equipo de goberno de que hai máis demanda que vivendas, é un profundo descoñecemento do tema.

Tamén dixo que van vir infraestruturas, o que tampouco é certo, porque na documentación oficial do Plan de vivenda dise que non se prevé a mellora das infraestruturas por consideralas suficientes.

Con respecto ao punto segundo da moción o grupo de goberno dixo que non o poden apoiar porque non se poden opoñer á recualificación, e resulta que durante todo este tempo estiveron dicindo que se a Xunta non presentaba un proxecto axeitado para Cambre, oporíanse a el. Pregúntalles como pensaban facelo se agora están dicindo que non se poden opoñer, que medidas de presión pensaban utilizar para defender os intereses dos veciños.

Respecto do que dixo o voceiro do BNG respóndelle que o PP de Cambre fixo o que cre que debe facer, non o que puido o non puido facer, senón o que creron que debían facer. Hai unha falta de respecto total e absoluta ás propiedades dos veciños de Cambre, están falando de expropiar por algo que se pode evitar perfectamente. Calquera pode entender cando pasa a Vía Ártabra, ou o AVE, que se lle expropian as súas propiedades, poden aceptalo mellor ou peor, pero poden entendelo, porque son infraestruturas que teñen que levar unha liña recta, pero co Plan de vivenda non é necesario expropiar, porque se pode facer en moitos sitios. O Plan de vivenda puidose negociar doutra maneira.

Outra cousa que lles gusta dicir é que o PP está en contra da vivenda de protección oficial, e iso non é certo, todo o contrario, pero tanto o BNG como o PSOE si que tiveron, durante uns anos, nas súas mans, co famoso tema do 10 % ou 40 %, a oportunidade de facer



vivenda protexida en Cambre e a que fixeron foi cero. Por iso di que non poden vir agora falando de facer vivendas de protección oficial. Cando o Sr. alcalde vai informar aos veciños di que se van facer centros de saúde, garderías, escolas, .... , e el quere preguntar canto diso vai ser certo, porque a calquera sitio que vai, sexa cal sexa a actuación e os metros que afecta, o Sr. alcalde di o mesmo.

Tamén quere sinalar que o PP de Cambre tivo moito interese nisto, que falaron con don Diego Calvo, que é o secretario provincial da Coruña, voceiro de vivenda no Parlamento de Galicia, tamén falaron co seu presidente provincial, don Carlos Negreira, que é número 1 da lista das autonómicas, e a posición do PP é clara, se o seu grupo gaña as eleccións, van a retirar este plan.

Conclúe dicindo que respecto do terceiro punto da moción case é mellor non falar, porque do Plan xeral xa se falou moito sen que o levasen a ningunha parte. Agora din que teñen vontade de presentalo, pero iso non o poden crer, nin eles nin ninguén, non lles merecen credibilidade.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que o Plan sectorial de vivenda de Galicia di textualmente no seu contido que o plan incluírá as necesarias infraestruturas e servizos públicos en cada zona de afectación, que se desenvolverán a partir dos proxectos sectoriais correspondentes.

Por outro lado, sinala que o programa electoral do PP di, respecto do acceso á vivenda, que as corporacións locais facilitarán, en todo caso, solo en condicións de prezo asequible. O que quere dicir con isto é que non se trata de facilitar os intereses concretos de ninguén, senón de facilitar o interese xeral, e entenden que o Plan sectorial de vivenda, con todos os erros que poida conter, que se poden corrixir, é importante para Cambre, e por iso o defenden.

Conclúe dicindo que como voceiro do seu grupo acepta e respecta profundamente a moción do PP, aínda que non a comparte. En canto ao primeiro punto poden dicir que se defenderán os intereses dos propietarios afectados a ter un prezo xusto.

En canto ao segundo punto non poden dicir que se negan a tratar en pleno a recualificación dos terreos, poden acordar rexeitala, pero non poden negarse a tratar ese tema porque é unha das competencias do pleno. Ademáis, a Lei de ordenación de territorio de Galicia

prevé claramente que os plans sectorias, á marxe dos trámites de información pública e audiencia, priman sobre a lexislación urbanística.

Di que o concelleiro do PP preguntaba que ían facer para defender os intereses dos veciños, e respóndelle que todo o que a lei lles permita, non caceroladas nin manifestacións públicas.

E, respecto do terceiro punto, asumen os erros das corporacións anteriores, das que son herdeiros, pero este equipo de goberno asume o compromiso de presentar o Plan xeral aos grupos municipais e ao pleno antes de que termine a lexislatura.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que agora, por fin, puideron oír a razón profunda desta situación. O PP agarda gañar as eleccións, e a súa pretensión é retirar o Plan de vivenda. Co que fixeron en Cambre o que pretenden é gañar unha serie de votos, pero pregúntase se tamén valoraron que poden perder algúns outros. Xa antes tiña intención de lembrarlle ao Sr. Cubeiro un refrán, o de “daqueles ventos veñen estes lodos”, con isto quere dicirlle, como consello amistoso, que no futuro pode haber cousas que se poden volver contra un, sempre falando dentro do que é a Política. Ter contribuído no que o PP chama información, aínda que para el é intoxicación, para mover á xente de modo que chegue a ter unhas actitudes irrespetuosas, violentas, insultantes, como as que se viron nos últimos tempos, pódese acabar volvendo contra un mesmo. Os demais aguantarán estoicamente o que lles toque, co máximo respecto, pero iso pode acabar volvéndose contra un. En todo caso, saben que o PP non vai facer vivenda protexida, pero iso é algo que xa sabían, porque teñen a experiencia do que fixeron en 16 anos. Xa viron como estaba o planeamento urbanístico en toda Galicia en xeral, e as iniciativas para facer vivenda protexida, para facer solo empresarial, xa viron cales eran.

Di que non hai moitos días saíu un estudo independente sobre a situación da vivenda protexida en todo o Estado, e as cifras de Galicia situábanas á cola de todo o Estado, moi por debaixo en porcentaxes e número absolutos respecto de case todas as outras comunidades españolas. Di que é bonito levar as cousas nos programas, pero logo hai que cumprilas. Non sabe como se pode estar sempre a ben con todo o mundo, e tentar aproveitar e ter réditos electorais. Imaxina que se o PP gaña as eleccións e pretende facer vivendas protexidas vai ter que facelas no aire. El non sabe se hai algún outro método de que a Administración consiga terreos, que non sexa inicialmente a expropiación, aínda que despois opte por sistemas de cooperación, de acordos, para non ter que chegar precisamente a ese último proceso. Non hai outra maneira, calquera proxecto de obra pública, infraestrutura ou

polígonos ten que levar consigo un proxecto de expropiación. Outra cousa é que as forzas políticas que están representando aos veciños, estean de acordo coas valoracións que se fan, ou non, e outra cousa é que os propietarios estean de acordo ou non.

Todas estas cousas manifestounas claramente o Director xeral de Urbanismo nunha comparecencia que fixo en Cambre. Decía que el comprende que todo o mundo está no seu dereito de dicir que a súa propiedade vale o que queira pedir, pero o que non poden esperar é que os representantes públicos, e sobre todo os que teñen que tomar as decisións, acepten sobrevaloracións excesivas e que non teñen nada que ver co prezo real. Os propietarios poden dicir que o seu m<sup>2</sup> vale 1000 euros, pero xa é máis raro que forzas políticas, e responsables institucionais entren por esa vía, iso non se pode facer.

Conclúe dicindo que hoxe non están aquí para discutir o contido do Plan de vivenda, porque iso xa o discutiron no mes de decembro e que xa se adoptou un acordo no que o PP votou en contra. Por iso, o Partido Popular pode seguir provocando estes ventos, moi acordos cos días que están a ter, e que alguén vai ter que pagar as consecuencias destes temporais, porque non pensa que o Decreto de axudas que o Consello da Xunta aprobou para os recentes temporais vaia poder cubrir este tipo de danos. En todo caso, eles actuaron de boa fe, de acordo cos seus compromisos electorais, e serán os veciños os que valoren estas decisións e os que digan se queren que se avance, que se fagan cousas e que se traballe para transformar o país, dando benestar, dando equipamentos e vivenda para a xente. Eles xa saben que o PP, no seu momento, non o fixo e non o quere facer, outra cousa é que lle interese estar no poder, e que para iso sírvelle calquera medio.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o seu grupo vota o que lles parece conveniente. Pídelle ao voceiro do BNG que fale do seu grupo, e que non fale do seu, porque non ten absolutamente idea. Di que sempre están co mesmo, co tema de que Galicia está á cola de todos, e lamentablemente é verdade, pero que non fale só da vivenda, que fale de todo. Tamén quere insistir en que estivo nas súas mans facer vivenda de protección oficial en Cambre e que non fixeron ningunha. Cambre non lle cedeu nin un m<sup>2</sup> á Xunta para facer esas vivendas.

Finalmente agradece ao voceiro do PSdeG-PSOE que lera o programa do PP, supón que para sacar boas ideas.

O Sr. alcalde toma a palabra para dicir que se fai necesario centrar o tema no que están, e que o que están é a tratar a moción presentada.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que quere deixar claro que el votará a prol da moción se se modifica o primeiro punto tal e como antes dixo, se non é así, o seu voto será a abstención.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que están de acordo coa modificación, que lles parece correcta.

Ante a pregunta do Sr. alcalde respecto de se hai algunha outra proposta a incluír, don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non tiveron a posibilidade de falar en grupo deste tema, pero que, en todo caso, aínda con esa modificación do punto primeiro, a postura vai ser a mesma que xa manifestou. Van votar en contra porque non cre que se poidan condicionar as políticas do goberno, do goberno galego neste caso, aos intereses particulares duns veciños, por moi respectables que estes sexan. No que si están de acordo é no feito de que toda a corporación defenda os intereses dos veciños ao máximo das súas posibilidades legais. Co punto segundo en ningún caso están de acordo.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez di que lle parece penoso que o voceiro do PSdeG-PSOE acabe de dicir que non tiveron tempo de debater esta moción, cando foi unha das máis importantes que se presentaron en Cambre, sobre un tema que afecta a moitos veciños, e moi doloroso para eles.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que o Sr. Cubeiro entendeu o que quixo entender, como sempre, porque el non dixo que non tiveran tempo para debater a moción, claro que o fixeron, o que non puideron debater é a proposta alternativa do Sr. Marante.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol da moción os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por trece votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP, coa modificación incluída no primeiro punto dos acordos polo voceiro do GM (PG).

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

## **B) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre a restauración e acondicionamento de fontes e lavadoiros mediante un obradoiro de emprego**

Rexistrada de entrada ao núm. 682 o día 24 de xaneiro de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“En Cambre existen un número importante de fontes e lavadoiros públicos, que algúns destes elementos polo seu valor histórico, arquitectónico e cultural, son motivos inseparables e identificativos dos lugares onde se sitúan que, ademais, danlle personalidade como estampa representativa da nosa cultura e da nosa historia, que se deberá conservar como símbolos e testemuñas das circunstancias que conforman o noso pobo.

Considera o noso grupo municipal que existe a necesidade de realizar no conxunto do concello un proxecto encamiñado á recuperación, rehabilitación e acondicionamento de fontes e lavadoiros mediante a creación dun obradoiro de emprego, por tanto pertencelle aos responsables locais poñer en marcha iniciativas para rescatar estes valores da arquitectura popular, para o uso público e aproveitamento dos cidadáns.

Sendo importante os investimentos que timidamente se veñen realizando no mantemento e conservación destas infraestruturas, non é menos importante o establecer un Plan para a recuperación dos elementos mencionados moito máis ambicioso, e que baixo o noso criterio sería máis eficaz e rendible para o conxunto dos cidadáns, baseado na construción dun modelo turístico sostible, capaz de revalorizar o importante patrimonio de Cambre, a través do desenvolvemento de servizos vinculados a unha oferta de “turismo activo”potenciando os recursos histórico-culturais e ambientais do concello.

Para o grupo municipal de EU-IU a recuperación das tradicións, da arquitectura popular, é unha cuestión de notable importancia sobre todo para poder transmitirles ás futuras xeracións, a herdanza dos nosos devanceiros, poñendo en valor os elementos máis singulares do noso patrimonio. Pero a presente moción intenta ir máis lonxe do que sería unha simple recuperación dos bens mencionados, centrándonos neste caso nas fontes e lavadoiros do concello, sen desbotar a posibilidade de ampliación deste proxecto ao conxunto do patrimonio etnográfico do concello. Polo tanto, podemos concluír a modo de resumo dicindo que con este proxecto se tentarían acadar catro obxectivos fundamentais:

- Proporcionar formación e emprego coa posta en marcha dunha escola-obradoiro.

- Restaurar e recuperar a riqueza do noso patrimonio etnográfico.
- Poñer en valor a nosa riqueza cultural, creando e publicitando roteiros que discorran polas fontes máis significativas do concello.
- Fomentar o turismo favorecendo deste xeito a economía local e o emprego.

Tendo en conta todo o anterior, o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Co fin de realizar o proxecto para a rehabilitación de fontes e lavadoiros, o goberno municipal levará a cabo as actuacións necesarias para asegurar que, no transcurso do ano 2009, o concello conte con obradoiro de emprego, incorporando aos orzamentos municipais do presente ano a partida económica imprescindible para o fin formulado.

Segundo: Para realizar os traballos mencionados, establecerase unha prioridade nas actuacións das obras que se leven a cabo, en función das necesidades e do seu estado de deterioración, logo do informe dos técnicos do concello.

Terceiro: Deseño, difusión e publicidade duns roteiros que inclúan os distintos espazos de interese cultural para facilitar o seu coñecemento entre os veciños/as e a cidadanía en xeral.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que, en primeiro lugar, quere expresar o seu apoio público ao grupo municipal do BNG, polo acoso que ten recibido no día de hoxe.

Respecto da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, quere manifestar o seu agrado respecto dela. Previamente xa comentou este tema cos técnicos de emprego, pensando en crear unha escola de cantería, que sería o máis lóxico para o tema dos lavadoiros e fontes, pero parece ser que coa crise existente nestes momentos, trátase dun oficio que se está vindo abaixo. Por iso lle propuxeron como estratexia, de cara ao fomento de emprego, dirixirse a outros oficios colaterais deste, nos que non fose o centro o tema da cantería.

En todo caso, sinala que eses aspectos concretos son un tema técnico, e que o seu obxectivo é crear un obradoiro de emprego, que ese obradoiro repare lavadoiros e fontes, pero todo iso dentro dun marco máis amplo que lles permita conseguir as axudas que para estes asuntos ofrece a Xunta de Galicia.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o obradoiro de emprego para os traballos a que se refire esta moción necesitaría albañís, canteiros, carpinteiros, etc..., é dicir, habería que contratar a toda a xente que fose necesaria para facer eses cometidos.

En todo caso, sinala que o día 12 de xaneiro saíu publicada unha relación de programas de cooperación para fomento do emprego, no que se inclúen solicitudes para escolas, obradoiros e casas de oficio da Xunta de Galicia. Solicítalle ao Sr. Salcines que o teña en conta porque suporía un menor custo para a creación destes talleres de emprego.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que están de acordo coa moción, e que ademais lles parecería adecuado incorporar os cruceiros, que non son símbolos relixiosos senón sinais de cruzamentos de camiños.

Tamén quere dicir, respecto das palabras de apoio do Sr. Salcines ao grupo municipal do BNG, que non escoitou ningunha mención aos insultos do voceiro do seu propio grupo.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que o voceiro do PSdeG-PSOE non pronunciou ningún insulto, senón que o que fixo foi dicir a verdade.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén está de acordo coa moción.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, agradece ao Sr. Salcines as palabras que lle dirixiu, pero tamén quere puntualizar que as agresións verbais recibidas non foron contra el como voceiro, nin sequera contra o grupo municipal do BNG, senón que el pensa que foron agresións dirixidas contra o pleno da corporación municipal de Cambre e, nese sentido, é realmente lamentable.

Continúa dicindo que respecto da moción de EU-IU felicita aos concelleiros deste grupo, xa que lle parece unha boa proposta, e reconece que se poderán incluír máis cousas, segundo se vaxa vendo a necesidade, pero que estaría ben poder contar cun inicio, porque aínda que nun ano sería imposible facer todo isto, si sería bo inicialo para que o patrimonio do concello estivera en mellores condicións.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece o apoio dos distintos grupos a esta moción, e salienta que, efectivamente, a propia moción, no seu cuarto parágrafo, xa recoñece a posibilidade de ampliación do proxecto ao conxunto do patrimonio etnográfico do concello, e aí poderían entrar os cruceiros e demais.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Antes de comezar a tratar a segunda moción presentada por EU-IU, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, lembra que se tiña acordado presentar unha única moción, e pregunta se isto vai cambiar para poder telo en conta en futuras sesións. Aclara que non é que non queira tratar a moción, senón que o pregunta para saber que facer en próximas ocasións.

O Sr. alcalde recoñece que tiñan quedado en presentar unha única moción, e pregunta ao voceiro de EU-IU se accede a retirar esta segunda moción presentada.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, contesta que non querría ter que retirala xa que considera que é un tema que se debería de tratar.

O Sr. alcalde somete o asunto á decisión dos grupos municipais.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

**C) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre dotacións de infraestruturas para os veciños/as da parroquia de Cela**

Rexistrada de entrada ao núm. 682 o día 24 de xaneiro de 2009. Consta do seguinte teor literal:



“Xa non é a primeira vez que o noso grupo presenta unha iniciativa nos termos que imos a formular no pleno do día de hoxe, sendo esta unha clamorosa demanda dos veciños/as e ao mesmo tempo unha débeda histórica que o noso concello ten coa parroquia de Cela.

Tendo en conta que un elemental principio de equidade obriga a que as administracións públicas equilibren minimamente as dotacións de infraestruturas dos seus distintos territorios, de tal xeito que se eviten discriminacións entre veciños/as residentes en distintas zonas.

Partindo de tal principio, cómpre recoñecer que a parroquia de Cela constitúe, hoxe en día, unha das zonas máis desfavorecidas no reparto de infraestruturas públicas no ámbito do noso concello, que tan necesarias resultan para que as persoas poidan desenvolver dentro do seu ámbito de residencia unha calidade de vida minimamente digna; o que nos obriga como representantes veciñais do conxunto do noso territorio, a levar a cabo unha política solidaria que permita o equilibrio territorial a que antes aludíamos.

Nas repetidas ocasións que o grupo de EU-IU denunciou este problema, alegouse como obstáculo a carencia de terreos na zona para poder atender á cobertura desta necesidade. Por iso o noso grupo entende que se fai preciso sumar esforzos tanto dos distintos grupos municipais como dos propios veciños/as, para darlle unha solución satisfactoria ao tema.

Por iso o noso grupo municipal propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O pleno da corporación encomenda ao goberno municipal a tarefa de conseguir e solucionar a falta de terreos imprescindibles para dotar á parroquia de Cela dunha infraestrutura recreativa e deportiva para uso veciñal.

Segundo: Tendo en conta o punto anterior, o goberno municipal poderá requirir para levar adiante os seus traballos, a colaboración dos veciños/as da parroquia e das entidades sociais representativas, tanto para recoller suxestións sobre os posibles terreos como para posibles contactos, conversas e outras actuacións relacionadas coa finalidade que se pretende.

Terceiro: Que nos orzamentos para o presente exercicio 2009 se destine unha partida orzamentaria específica para o fin exposto na presente moción.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que lle parece ben a moción presentada. Di que entablaron relacións coa asociación de veciños para ver que terreos hai para equipamentos,

porque en Cela non existen moitos posibles. O terreo que coñecen é un situado en fronte da fonte, da igrexa, que parece ser pertence a unha señora da parroquia de Bribes que non ten intención de vender. Van ver se a través da asociación de veciños aparece algunha outra, e deixarán unha pequena partida no orzamento ata que saiban o importe total.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que xa a propia moción recolle que se busque a colaboración dos veciños e persoas dispostas a conseguir os terreos. Di que unha cousa parecida xa ocorreu hai anos cos terreos da polideportiva de Pravio, onde se formou unha comisión veciñal e se conseguiron os terreos.

Continúa dicindo que tamén quere recordar que non hai moito tempo o Sr. alcalde estivo en Cela, pensa que foi cando se inaugurou a fonte, e existe alí unha finca da Fundación Tenreiro e había a posibilidade de poder adquirila, porque parece que o prezo era bastante asequible para as arcas do concello. Trátase dun terreo que está por enriba do cruceiro.

O Sr. alcalde contesta que pediron un informe sobre ese terreo, pero que lles contestaron que non era un terreo apto para facer nada alí porque estaba dentro dun Peri, e a nivel individual non se pode facer nada nela.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, en todo caso, aínda que aí non poida ser, do que se trata é de falar cos veciños e tratar de sumar esforzos para conseguir algún terreo para facer as infraestruturas reclamadas na moción.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o Sr. Taibo fala da parroquia de Cela como a gran olvidada, porque ao principio non ía levar nada do FEIL, aínda que despois si que se incluiu algo, pero que o certo é que a gran olvidada é Anceis, a zona de Altamira. Levan 30.000 euros que segundo o seu número de habitantes, e en proporción á parroquia de Cela, supón unha diferenza moi importante. A parroquia de Anceis é a gran olvidada do concello, xa que non importa que os veciños pidan aparcamento na igrexa, ou que renoven as pistas polideportivas, porque nunca se lles concede nada. Por iso non poden estar de acordo coa forma de presentar a moción, aínda que si poidan estar de acordo co fondo, porque a gran olvidada non foi Cela, senón Anceis e a zona de Altamira.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás contesta que o certo é que a moción non di que a gran olvidada sexa Cela, iso díxoo el, porque é unha realidade de moitísimos anos. Está demostrado que durante moitísimos anos en Cela non se fixo ningún tipo de

infraestrutura deportiva nin cultural. Por outra parte, el non quere entrar en guerras de establecer comparacións entre as distintas parroquias, para el todas teñen os mesmos dereitos, al igual que os cidadáns.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro de BNG, manifesta que se someteran a referendo cal é a parroquia máis esquecida, está claro que ía a gañar O Temple porque é a que ten máis habitantes. Pensa que unha das responsabilidades de quen goberna, e dos representantes políticos é precisamente equilibrar o peso demográfico das parroquias para facer as cousas. Eles están de acordo co que di EU-IU, de que hai un esquecemento histórico, polos motivos que sexan, e parécelles ben que haxa agora esta chamada para que o goberno se poña as pilas e intente conseguir, en colaboración cos veciños, unha zona para poder construír equipamentos nun futuro.

Continúa dicindo que o que non ten tan claro é o punto terceiro dos acordos, porque non saben aínda de que cantidades están a falar. El pensa que o compromiso é de facelo, eles van apoiar todo o que faga falta, pero pensan que o compromiso económico é difícil de cuantificar e aprobar hoxe, porque igual quedan comprometidos a algo que despois non van poder facer. Pensa que sería mellor relativizar na medida en que se encontre ese terreo, o compromiso de incluílo nos orzamentos, pero non poñelo de maneira tan rotunda, porque despois pode que non o atopen. El sabe que na pasada lexislatura se fixeron intentos de obtención duns terreos, pero logo non foi un problema soamente económico, senón que foi un problema de que non era posible conseguilos, por cuestións de carácter xurídico e técnico. Por iso pediría ao voceiro de EU-IU que se relativizara un pouco ese terceiro punto para que puideran lograr o acordo de todos.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que incluíron ese terceiro punto porque, historicamente, para Cela sempre se destinaba unha partida nos orzamentos para ese fin, pero o feito é que nunca se levou a cabo porque acababan destinando o diñeiro a outras cousas que se consideraban máis importantes. Pensa que a última partida que se destinou para a adquisición de terreos en Cela, ao final cre que se trasladou polo tema da galescola.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal contesta que tecnicamente o normal nestes casos é, en primeiro lugar, saber se hai ou non terreos, despois saber o importe, e unha vez que se saiba traelo ao pleno e pagalo a través do remanente de crédito. Di que ese é o trámite normal e pensa que o máis lóxico é facelo así, agardar a ter un terreo e pagalo con cargo ao remanente de crédito.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, se existe ese compromiso, entón non hai ningún problema en asumilo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo propón que o compromiso sexa abrir a partida nos orzamentos do ano que ven, aínda que sexa cunha cantidade simbólica, como reflexo do compromiso no orzamento de investir diñeiro alí, á espera de saber onde e canto pode costar ese terreo. Despois xa sería cuestión política do pleno marcar prazos e tomar as decisións.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que lle parece ben. Di que o feito de que haxa unha partida motiva máis, sobre todo para que os veciños vexan que hai interese no conxunto da corporación para que se faga algo en Cela.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel di que o seu grupo tamén está de acordo, pero tendo en conta que o parágrafo onde di que *“Tendo en conta que un elemental principio de equidade obriga a que as administracións públicas equilibren minimamente as dotacións de infraestruturas dos seus distintos territorios, de tal xeito que se eviten discriminacións entre veciños/as residentes en distintas zonas.”*, no que se refire aos investimentos que viñeron do Estado, o reparto non foi moi equitativo. Di que non se trata de facer unha modificación da moción, senón de facer unha puntualización e deixar claro que o reparto que se fixo, non foi un reparto equitativo entre as parroquias, como xa puxo de exemplo antes, no caso de Anceis só recibiu 30.000 euros do reparto que se fixo dos fondos estatais.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el quere deixar claro que na moción estase referindo aos fondos que se inclúen nos orzamentos municipais, e que non se refire ao Fondo de Inversión Local do Estado. Di que el fala dos orzamentos que historicamente se aproban no concello, non dos fondos do Estado.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

## **6º Informes da Alcaldía**

De orde do Sr. presidente dáse conta pola secretaria da corporación do seguinte escrito:

- Escrito procedente do Ministerio da Presidencia, rexistrado de entrada ao núm. 485 o día 20 de xaneiro de 2009, no que se acusa recibo da certificación do acordo adoptado polo pleno da corporación de data 25 de setembro de 2009, en relación coa xornada mundial polo traballo decente, deducindo, polo seu contido, que se deu traslado ao departamento competente.

## **7º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que, dado que o voceiro do partido socialista dixo que no PP son axitadores de masas, o cal atopa inaceptable, e que utilizou a palabra falaz, o seu grupo vaise abster de ler os rogos e preguntas, xa que considera moi grave o que dixo o voceiro socialista, e ratificou o Sr. Salcines. Consideran impresentable o que tivo lugar, e en resposta eles van manterse no pleno pero non van ler nin rogos nin preguntas.

### **Rogos do BNG presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 729 o día 26 de xaneiro de 2009, xunto coas preguntas.

1º Despois do forte temporal do fin de semana chega o momento das avaliacións e as reclamacións de danos. As peores consecuencias para familias e negocios foron a interrupción da subministración eléctrica que pode ter provocado importantes prexuízos económicos. Interrupcións que nalgunhas parroquias do concello se mantiveron ata o domingo de maneira inexplicable.

Solicitamos do goberno municipal que se habilite un sistema de información e axuda para canalizar as reclamacións de danos diante da administración e da compañía de subministración de enerxía eléctrica.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, entrega a todos os grupos un informe de Protección Civil e da Policía Local, con todas as incidencias, actuacións e

consecuencias do temporal, dende o venres.

2º O día 3 de abril de 2010 –queda un ano-, producirase o “apagón analóxico” e a recepción de televisión será exclusivamente por sistemas dixitais. Somos coñecedores de que seguen a existir zonas de sombra e mala calidade de recepción no territorio municipal, asunto que temos tratado en diferentes ocasións diante do pleno. A posibilidade de recepción do sinal televisivo vai máis aló do ocio e o entretemento, está directamente vinculado ao dereito á información da cidadanía.

Instamos ao goberno municipal a que presente diante do pleno un informe sobre o mapa actual de cobertura e sobre as accións que se tomarán para garantir, na data mencionada, o dereito ao acceso á información dentro do prazo establecido.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que segundo as informacións recibidas da Xunta de Galicia, tanto da Consellería de Industria como da de Presidencia, o obxectivo para Galicia, en xeral, é ter o 3 de abril de 2010 unha cobertura do 98% nas cadeas públicas, e do 96% nas privadas. Os datos que facilitan concretamente sobre Cambre son que a maior parte das parroquias e entidades de poboación teñen actualmente unha cobertura do 90%, excepto Peiraio, Lamiño, Vilarto e Fraguíña que non teñen cobertura. A previsión para que estas entidades teñan cobertura, polo menos ata o 90% que é a media do concello, é que se acade antes do 31 de decembro deste ano.

Continúa dicindo que hai outros lugares, como Fontaiña, A Gándara, O Pastel, O Carballo, Fontemoura e A Mourama, que están ao 50%.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que eles querían recordar outra vez este tema porque só queda un ano e querían destacar precisamente os fallos que hai en distintas zonas. Non é unha competencia municipal facer a cobertura, pero si é unha competencia municipal instar ás instancias competentes para que o fagan, por iso eles fan esa chamada de atención, para que se poñan en contacto cos organismos competentes na materia e esixan a cobertura total do territorio dentro do prazo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que así se fixo recentemente, e que teñen a resposta da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, informando de que este ano, coa instalación dun satélite, vaise acadar a maior cobertura posible, que eles entenden dun 96 ou 98%.

3º O cruzamento da estrada do Temple coa travesía da Coutelana, fronte ao colexio Portofaro, é un dos puntos máis conflictivos de tránsito no concello. A construtora do edificio que se está levantando nese lugar retirou un farol de iluminación pública que daba servizo ao cruzamento, e que lle coincidía xusto polo acceso á obra, aumentando así o perigo para peóns e vehículos.

Instamos ao goberno municipal a que ordene a súa reposición inmediata.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que técnicos municipais e a empresa adxudicataria da iluminación municipal, xa se puxeron en contacto coa construtora para que restituían o poste urxentemente.

#### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 682 o día 24 de xaneiro de 2009, xunto coas mocións e as preguntas.

1º Fai máis dun ano o noso grupo presentaba unha iniciativa solicitando información sobre a demora na execución do proxecto da casa da cultura en Cambre, onde solicitaba tamén a convocatoria da comisión informativa correspondente, para analizar o problema e buscar as alternativas máis axeitadas para levar a cabo a execución do proxecto. Entre outras o Sr. alcalde contestaba dicindo que cando tivera información reuniríase cos grupos municipais.

A día de hoxe, e segundo os medios de comunicación o concello perderá unha subvención de 800.000 euros da Deputación Provincial, por non ter conseguido a recualificación dos terreos para a construción da obra mencionada, mentres tanto os veciños/as de Cambre seguen na incerteza do futuro que lle espera á casa da cultura.

O noso grupo prega se nos informe da situación do problema e se o anterior proxecto se vai poder executar ou se perderá definitivamente.

O Sr. alcalde contesta que onte tivo unha reunión co presidente da Deputación, na que tamén estiveron presentes o deputado de Cultura e o alcalde de Cerceda, e parece ser que se vai facer na anualidade 2009-2010, é dicir que non se perde a subvención.

2º Transcorridos varios meses da rotura da cuberta da marquesiña da casa das Palmeiras, o noso grupo volve a reiterar o seu estado de abandono e o conseguinte prexuízo ocasionado ás persoas que utilizan o transporte público que non teñen onde resgardarse da choiva.

Pregamos se nos informe da situación do problema, e se leve a cabo por parte de quen corresponda á reparación inmediata do problema, que tantas incomodidades e molestias está ocasionando aos cidadáns.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que postos en contacto coa Xunta de Galicia que é a responsable do mantemento e conservación da marquesiña, informaron que van vir a reparala na primeira quincena de febreiro.

3º A seguinte pregunta ten que ver coas obras que se están realizando na estrada de Cambre a Pravio, consistentes na reposición de saneamento, iluminación, beirarrúas, etc. Observamos que nos lugares onde están instaladas as bandas sonoras, os vehículos invaden a beiravía, provocando o seu afundimento e deterioración.

Pregamos ao goberno tome as medidas oportunas para corrixir a deficiencia, e nos informe se os materiais empregados na construción da beiravía son os adecuados, e se a obra se adapta ás condicións do proxecto, tendo en conta a facilidade con que se está deteriorando.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que técnicos municipais están en contacto coa empresa Ibersilva, que foi a contratada para ese traballo. Nestes momentos están esperando un informe do director de obra para saber a causa da deterioración da beiravía, que ademais tamén está destinada a aparcamento, e polo tanto debería poder soportar moito tránsito e moito peso.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que son dous os problemas. Un é que os vehículos invaden a beiravía, cando non terían porque facelo, e outro problema é que a beiravía se afunde.

### **Rogos do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 738 o día 27 de xaneiro de 2009.

1º Rogo se informe para cando ten pensado o goberno municipal rematar as obras da praza Manuel Murguía.



Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que a situación desta obra nestes momentos é penosa por parte da empresa Manfor. Pidiuse á directora de obra que presente un informe que conteña unha relación do estado real das obras, con indicación da parte executada e de se se axusta ao proxecto, e se nestes momentos seguen a traballar ou se a obra está paralizada, con indicación, ademais, de se a xuízo da directora de obra existe causa para a rescisión do contrato coa empresa adxudicataria. Di que a empresa non cumpriu cos prazos, que as losetas que están a colocar non se corresponden coas do proxecto, nin en calidade, nin en aspecto, e ademais hai un abandono das obras por parte da empresa, xa que das 5 a 7 persoas que terían que estar a traballar, só hai unha.

Engade que tentaron poñerse en contacto por teléfono coa empresa, e que non responderon ás chamadas procedentes dos técnicos, nin do concello. Agarda que esta semana a directora de obra presente o informe para posiblemente valorar a rescisión do contrato coa empresa, por incumprimento. Entregaralles copia do informe.

2º Rogo se informe como está o tema da instalación dos caudalímetros nas parroquias de Sigrás e Anceis.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que dende o Departamento de Obras e Servizos solicitouse ao Departamento de Intervención, hai uns dous ou dous meses e medio, o documento de retención de crédito (RC), e segundo lle informou a interventora posiblemente en breve estará resolto para ir a contratación.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que agarda que realmente sexa en breve, xa que van varias veces que ía ser así, para que as partidas consignadas no orzamento pasado non queden no olvido, e os veciños poidan por fin usar a rede de sumidoiros.

3º Rogo se informe por parte do goberno municipal cales foron as consecuencias do temporal da pasada fin de semana no noso concello.

Dáse por contestada.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 729 o día 26 de xaneiro de 2009, xunto cos rogos.

1ª Solicitamos explicación ao pleno pola perda de subvencións ao concello, no 2008, da Deputación Provincial, 800.000 €e da Consellería de Cultura, 7.500€

O Sr. alcalde contesta que a subvención da Deputación Provincial xa dixo antes que parece ser que se vai incluír no orzamento do 2009-2010, e están agardando que así o comuniquen.

Respecto da subvención de 7.500 € dona Erundina Prado Arcay, concelleira do PSdeG-PSOE, responde que á vista da equivocación no título da pregunta, que se refería á xestión da subministración de auga, non se fixou no contido da pregunta, pero que se informará e lle contestará mañá, por escrito se fai falta. Di que ela sabe que foi para unha obra que non se puido facer, pero que non lembra exactamente que obra, o que si recorda é que se renunciou a subvención no prazo dos 10 días que lles concederon, para así non perdela no 2009, cando se vaia volver a solicitar.

2ª Aos atrasos nas obras ocorridos durante todo o pasado ano no Temple, hai que engadirlle agora a mala execución e remate deles no caso da praza Manuel Murguía. Sen pretender obviar que é a empresa construtora a responsable de executar ben os traballos solicitamos que se explique:

- cal é o control de calidade que se seguiu por parte municipal?
- que medidas se van tomar, ou tomaron, para corrixir os defectos na obra?

Dáse por contestada.

3ª No pleno ordinario de xullo do pasado ano a corporación acordou por unanimidade: “O pleno do Concello de Cambre cos obxectivos de redución da factura enerxética municipal e de contribuír aos usos racionais da enerxía toma a decisión de contratar unha asistencia técnica externa para a realización dunha auditoría enerxética de todos os consumos municipais, que contemple un plano de redución e racionalización dos consumos”.

En que estado está a tramitación desta contratación decidida polo pleno da corporación?

O Sr. alcalde manifesta que se contestará por escrito.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que agarda a que así sexa, porque se trata dun acordo que se tomou por unanimidade no pleno e pensan que foi unha

boa medida. Di que cos orzamentos aprobados xa se podería ter iniciado o expediente de contratación, e insta novamente ao goberno a que se poña mans á obra con este tema, que lles parece importante.

4ª Segundo se nos informou no mes de novembro pola concelleira de Cultura a obra da Escola municipal de Música está rematada.

- Cando se vai adquirir o equipamento e mobiliario necesario?
- Cando se fará o traslado para as novas instalacións?
- É satisfactorio o acabado externo e interior da obra contratada?

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que a adquisición de equipamento e mobiliario está en proceso de contratación, xa hai algún tempo. En canto estea debidamente equipada farase o traslado. Respecto dos acabados os técnicos informaron de que se fixo tal e como constaba no proxecto, e incluso con melloras na cuberta, que en vez de 0,2 milímetros de grosor, pasou a telo de 1,2.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que eles queren saber se xa hai unha data aproximada, xa que iso é o que tamén pregunta a xente, para ter unha referencia de cando vai comezar o funcionamento das novas instalacións.

Preguntou polo acabado porque, por exemplo, viu unha brigada traballando no exterior para eliminar a poza que se estaba formando coa auga na zona do xardín, polo tanto algo non debía de estar totalmente ben. Di que respecto do interior non vai dicir nada porque non o sabe, pero que polo que el lembra do proxecto inicial están cambiados os aspectos estéticos das varandas que separan os diferentes desniveis. Non sabe se son mellores ou peores, máis ou menos caros, pero di que é unha mágoa que se modifique desa maneira unha obra de autor, unha obra arquitectónica, que habería que respectar sempre.

Continúa dicindo que os paneis de vidro, enmarcados en aluminio, que se colocaron para separar os dous niveis que hai, de vehículos e a parte de arriba da praza, ou que están tamén situados para cubrir o lucernario, non teñen nada que ver co deseño inicial, modificouse o proxecto. Di que están a falar dunha obra de arquitectura, asinada por dous arquitectos, aprobada polo concello, e que sería como se a un técnico do concello se lle ocorrera cambiar algo que non lle gusta a algunha das obras de arte que se presentan ao certame de pintura. Pensa que hai cuestión que habería que respectar, sempre que non haxa razóns fondas e de tipo técnico que o avalien.

Conclúe dicindo que para modificar o aspecto dunha obra de deseño arquitectónica habería que ter falado cos arquitectos, e que agardará a ver os informes de final de obra para comparalo co proxecto inicial, porque a el parécelle que, polo menos no aspecto externo, se modificou dunha maneira sensible, o cal implica unha perda de valor para o edificio construído.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que é certo que se está a traballar fóra, porque cos días de inverno viuse que o desaugadoiro que se contemplara non era suficiente, que facía unha poza, e por iso está a modificalo. En canto á varanda non o pode discutir porque o descoñece, ela o que di é exactamente o que consta no informe que lle entregou o director de obra, que estaba exactamente igual que no proxecto. Di que pedirán un informe por escrito para comprobalo e comparar. En canto ao prazo para a posta en funcionamento, non pode dicir nada concreto, di que dependerá de cando se saque a contratación a adquisición do equipamento.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 682 o día 24 de xaneiro de 2009, xunto coas mocións e os rogos.

1ª Próximo a rematar o que foi unha obra polémica nos últimos meses, a remodelación da praza Manuel Murguía, observamos que nunha esquina da dita praza, onde conflúe a gardería os Pequerrechos coa rúa Constitución, a instalación eléctrica atópase a escasa altura do chan sendo facilmente accesible, polo que os veciños/as nos transmitiron a súa preocupación pola situación tendo en conta o perigo que pode ocasionar. Ante esta situación o noso grupo fai a seguinte pregunta:

Ten coñecemento o goberno deste feito? Se a resposta é afirmativa, cales son as medidas a tomar co fin de reparar a situación?

Que outros problemas de última hora foron detectados e deben ser arranxados na mencionada obra?

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que respecto da primeira pregunta, trátase dun problema de fachada, un problema da comunidade con Fenosa. Eles avisaron a Fenosa e á comunidade para que arranxen o problema, pero non é

un tema que directamente teña que ver coa obra.

A segunda parte da pregunta dáse por contestada.

2ª O pasado sábado 10 de xaneiro, no Paseo Marítimo do Temple á altura da praza Manuel Murguía, persoas da nosa organización comprobaron que tres aliviadoiros de pluviais estaban a verter augas fecais directamente á ría.

Ante isto, denunciámos a situación ante a Policía Local de Cambre e o Seprona, e iniciar deste xeito unha investigación sobre o acontecido. A magnitude do caudal en metros cúbicos dos tres vertidos detectados, era moi intenso e nel podíanse observar tanto restos orgánicos e outros residuos sanitarios. Tamén puidemos comprobar como estes vertidos desprendían fortes cheiros a produtos químicos.

Ante esta situación o grupo municipal de EU-IU fai a seguinte pregunta:

Cales foron as medidas adoptadas por parte da Concellería de Medio Ambiente para arranxar o dito problema, e se existe algún tipo de informe ou conclusión final de cales foron as súas causas, así como se se ten pensado tomar algunha medida preventiva para evitar outras situacións semellantes?

Ten contemplado o goberno a posibilidade da instalación dun sistema de alarma para advertir dos vertidos?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que se pediu un informe á empresa encargada do mantemento das redes municipais de sumidoiros, e nel explican que os vertidos de augas fecais polas redes de pluviais producíronse ao entrar en carga o colector que discorre entre Pinar de la Reina ata o bombeo e que recolle as fecais do Graxal. Esta situación é consecuencia, ademais, das obras que están realizando en Manuel Murguía, consistentes no recrecido e encofrado de pozos, xa que as madeiras dos encofrados foron arrastradas ata o colector, atascándoo. Por outro lado, di que a empresa encargada do mantemento ven realizando limpeza periódicas e mensuais nese colector. A petición do concello, a empresa Segasa eliminou o atasco, quedando en funcionamento.

Continúa dicindo que se tratou por todos os medios de avisar á empresa Manfor, S.L, que produciu o atasco, e que non se conseguiu ata hai uns días. Os técnicos municipais din que non está prevista a instalación de medios de alarma para os vertidos.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, sinala que sería interesante, xa que non se está falando dunha simple fuga, senón dun vertido en toda regra, que durou horas, cun caudal importante, por tres sitios.

3ª Tamén fai máis dun ano o noso grupo solicitaba mellorar a situación de risco de perigo da ponte do Burgo, ante a ausencia total de iluminación e a precariedade das súas beirarrúas.

Pode informarnos a concelleira responsable das xestións realizadas e para cando está previsto se vai corrixir o problema?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que a ponte vella do Burgo si está iluminada. Na outra ponte é onde existe unha pequena beirarrúa, na que está prevista unha actuación. Unha vez que se faga esa obra, verase que iluminación se pon.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que xa noutras ocasións falou deste mesmo tema. Non está a falar da ponte vella, senón da outra, na que non existe nin un so punto de luz. Parécelle un tema grave, nunha estrada onde hai moitísima circulación, e a última vez que preguntou por iso, a concelleira dixo que se ía ver xunto coa obra da rúa Tapia.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín dille que é certo que pensaba que ese tramo estaba contemplado dentro do proxecto da Tapia, pero que non era así.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se consta dentro dalgún outro proxecto.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que dentro doutro proxecto municipal, non.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que, aínda que non o pode asegurar con rotundidade, cre que inicialmente estaba previsto na reforma integral da Tapia, que contemplaba a construción dunha nova ponte sobre a ría. Esa posibilidade foi rexeitada por Patrimonio da Xunta porque entendían que afectaba á perspectiva da igrexa do Burgo. Posteriormente fíxose un novo proxecto para ampliar a plataforma da ponte e incluír unha beirarrúa máis ancha, e nese proxecto, polo menos no último que el viu, estaba contemplada a iluminación, faltaba determinar polos técnicos se a iluminación que ían facer era en altura, ou ben parecida á que hai na ponte románica, para que os peóns circulen polas

beirarrúas con suficiente visibilidade.

Di que o proxecto de sobreancho da calzada está aprobado pola Xunta de Galicia, o que non sabe neste momento é cando se vai adxudicar, non obstante, di que faran as xestións pertinentes para informarse.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia